



*Velái ven o Maio,  
ben o vexo vir;  
como calquera ano  
ven despois de abril.*



*Aínda que non o pareza,  
o maio anda por Canido,  
que non morre a primavera  
nin por mil millóns de virus.*

*Habemos facer os maíos  
este ano nas xanelas,  
cada cristal unha flor,  
cada reflexo unha estrela.*



*Aínda que nos pase o Maio  
sen poder saír da casa,  
habemos pór unha flor  
recendéndonos na ollada.*


*Para tí teño unha flor  
ben gardada no meu peito,  
se en man non cha podó dar,  
dareicha no pensamento.*

2  
0  
2  
0

*Mes de maio dous mil vinte,  
nas xanelas debuzados,  
os paxaros que nos trılan  
nunca tan ben nos trilaron.*



## MAIO DO CORONAVIRUS



*En canto todo isto pase  
e a rúa se volva abrir,  
non repitamos os erros  
que nos trouxeron aquí.*



*Unha cousa está moi clara,  
e non é por ciencia infusa:  
quen nos salva da pandemia  
é a Sanidade Pública.*

*Neste Maio tan estraño  
brillan as flores ao sol,  
porque non é Maio o raro  
que os rariños somos nós.*



*-Non te vaías, non te vaías  
fóra de nós, lindo Maio.  
-Apenas de vós depende  
que me quede todo o ano.*

*Para algúns as flores teñen  
pétalos de vil metal,  
son aqueles que defenden  
o inhumano capital.*



*Para nós as flores son  
a bondade e a tenrura;  
a ver quen gaña esta loita,  
se o capital ou a cordura.*



Por Antonia das Curuxas

